

FEDERACIÓN PROVINCIAL ANPAS DE LUGO

A S E M B L E A



LUGO, 22 de abril 2023

ASEMBLEA 2023

ÍNDICE

CONVOCATORIA Á ASEMBLEA ORDINARIA ANUAL	3
ACTAS: ASEMBLEA 2022 E XUNTA DIRECTIVA	5
ACTAS DE XUNTANZAS CON DIVERSAS ORGANIZACIÓNS	22
ESCRITOS ENVIADOS ÁS ADMINISTRACIÓNS	28
ACTIVIDADES OFERTADAS ÁS ANPAS	38
CONVENIOS E COLABORACIÓNS	61
XORNADAS	63
ESTADO DE CONTAS	66

**CONVOCATORIA
ASEMBLEA
ORDINARIA**



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

Convocatoria Asemblea Xeral Ordinaria da FAPACEL 2023

Convocamos a todas as nosas Anpas asociadas á Asemblea Xeral Anual deste 2023 que se realizará o vindeiro día 22 de abril no Auditorio do Vello Cárcere en Lugo ás 11:30 horas.

Para anotarvos tedes que enviar un correo electrónico a fapacel@gmail.com poñendo o(s) nome(s) e apelido(s) da(s) persoa(s) que veñen en representación da vosa Anpa.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior.
2. Estado de contas.
3. Nomeamento censores de contas.
4. Aprobación da memoria anual.
5. Presentación das actividades do 2022 da FAPACEL e da Confederación Anpas Galegas.
6. Proposta do Colexio de Enfermería.
7. Rogos e suxestións.

Para poder ter dereito a voz e voto é necesario atoparse ao corrente do pago da cota de socia do curso 2022/2023.

En Lugo a 23 de marzo de 2023



**ACTA ASEMBLEA
2022
E ACTAS XUNTA
DIRECTIVA**

ACTA ASEMBLEA ORDINARIA ANUAL

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ANUAL

Reunidos o 26 de marzo de 2022 no salón de actos do CEI NODUS de Lugo celébrase a asemblea xeral anual da FAPACEL que comenza ás 11.30 horas coas seguintes anpas asisitentes:

Anpa Abella (Lugo)

Anpa Fonsagrada

Anpa Menéndez Pelayo

Anpa les Sanxillao

Anpa Illa Verde

Anpa S. Salvador (Pastoriza)

Anpa Nois

Anpa Cpi Cervantes

Anpa les Monterroso

Anpa As Gándaras

Co seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Estado de contas.
- 3.- Nomeamento censores de contas
- 4.- Aprobación da memoria anual
- 5.- Presentación das actividades do 2022 da FAPACEL e da Confederación Anpas Galegas
- 6.- Rogos e preguntas

1.- Aprobase, por unanimidade, a acta da asemblea 2021

2.- A tesoureira da conta do estado das contas do ano 2021 (adxuntase anexo) así como do orzamento para o ano 2022 (adxuntase anexo), tamén se procede a lectura do informe favorable

da censora de contas (adxuntase anexo).

Neste punto a anpa de Fonsagrada propón que dende a FAPACEL se intente negociar con algún banco o caixa unhas condicións máis vantaxosas para as anpas asociadas no que se refire as comisións bancarias. Aprobouse facer un sondeo entre as asociadas para valorar esa posibilidade.

3.- Nomeamento censores de contas

Nomease censores de contas para a asemblea do 2022 a:

Sandra Bravo Ramirez

Ana Salvadores Cortizas

4.- A presidenta pasa a resumir as actividades que por parte da federación se fixeron durante o ano 2021 que estan recollidas na memoria anual que esta colgada na páxina web.

Tamén deixou constancia das actividades que a federación xa está a realizar para este ano 2022.

Neste punto fixéronse algunhas reflexións sobre a pouca participación, tanto das anpas, como das familias nas actividades que se organizan así como nas xuntanzas que se propoñen para falar sobre a situación do ensino.

Tamén reflexionamos sobre a normativa dos autobuses escolares e sobre a nova implantación do calendario escolar.

Abordamos o tema das carencias na atención ao alumnado NEE e a anpa do Casás propón organizar actividades sobre inclusión e atención á diversidade para as familias, non só para o alumnado

5.- Rogos e preguntas

A anpa da Fonsagrada pídenos información sobre a normativa de comedores e sobre o Consello Escolar.

As anpas de Lugo cidade comparten a experiencia de participar no Arde Lucus.

Sen máis asuntos que tratar remata a xuntanza ás 13.30

ACTAS XUNTA DIRECTIVA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

Asistentes:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro
Elvira Lombao Vila
Dorotea Paz Cortiñas
Raquel Hermida
Manzaneque
Javier Luaces

O 19 de xaneiro de 2022 ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase por unanimidade a acta anterior.

2. ESTADO DE CONTAS

Actualmente hai un saldo de 10.500€. O único que falta por pagar é o importe de 400€ polo deseño da páxina web.

3. ACTIVIDADES

Falta presuposto de Raiolas para a actividade de educar na diversidade.

Presuposto TRADI: non varía o prezo e pode ofertar máis actividades. O importe é de 345€ e pódese incluír na subvención de igualdade.

A charla de Abalar xa está feita, os asistentes online foron de 39 persoas. Boa valoración.

Pódense ofertar charlas de competencias dixitais (Raquel).

Coidado autoestima: Estamos agardando por Mercedes.

Colexio de enfermaría: Onte houbo xuntanza, van a enviar o borrador e as posibles datas para facer as actividades. Falta firmar o convenio.

Charlas suicidio: Pendente de presuposto. Doris pode preguntar a unha psiquiatra para impartir a charla. (pode falar sobre o protocolo de suicidio).

4. CONVENIO MEDIO RURAL: TECENDO REDES

Isabel tivo xuntanza coa deputada de medio rural para firmar o convenio. Precisamos ideas para poder levar a cabo esta proposta, tódala información está no Drive de la federación e debemos ter en conta que a Federación ten que pagar o 5% da actividade que organicemos. A finalidade é potenciar o rural.

5. ASAMBLEA XERAL

A Asamblea Xeral de FAPACEL será o 26 de Marzo de forma online. Os censores de contas son: Helena Cornide Pumares e Ana Salvadores Cortizas

6. PERGUNTAS E SUXESTIÓNS.

a) As xornadas no rural de ANPAS GALEGAS será o 19 de febreiro en Vilela. Xa está todo organizado .

b) Algúns institutos de Lugo, fan exames cunha duración de hora e media simulando aos exames da ABAU.

Non hai rogos nin preguntas, sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22:30h.

A Secretaria

A Presidenta

Firmado por SEIJAS CASTIÑEIRAS
AINHOA - 45675445K el día
25/02/2022 con un certificado
emitido por AC FNMT Usuarios

Asdo. Ainhoa Seijas Castiñeira

Asdo. Isabel Calvete Carrera



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 9 de marzo de 2022 ás 20.00horas en primeira convocatoria e ás 20.30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos seguintes membros:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro
Elvira Lombao Vila
Dorotea Paz Cortiñas
Leticia Gutiérrez
Giovana Trelles
Javier Luaces

E coa seguinte orde do día:

- ESTADO DE CONTAS
- ACTIVIDADES: CONVENIO CO COLEXIO DE ENFERMERÍA
- CAMBIO EN EL ACTA PARA FACER A ASEMBLEA PRESENCIAL
- CONVENIO CON MEDIO RURAL
- TRANSPORTE NA ZONA RURAL PARA O ALUMNADO DE ENSINO NON OBRIGATORIO
- ROGOS E PREGUNTAS

Estado de contas:

A día de hoxe a conta ten un saldo de 8336.18€. Fixeron o ingreso da subvención de Deportes pendente do ano 2021

Actividades: Convenio co colexio enfermería

Aqueles coles onde se esta a facer ten moi acollida, tanto por parte da rapazada como do profesorado. Temos 16 centros educativos anotados con datas xa concedidas. Cubrimos datas para todo este curso escolar ata xuño.

Fixemos unhas enquisas sobre as charlas afectivo-sexuais para familias e tamén as de competencias dixitais e as valoración son moi positivas, duas charlas moi necesarias.

Cambio na acta para facer a asemblea xeral presencial.

Na anterior xunta directiva quedaramos en facer a asemblea xeral de modo on-line pero coa idea de ir retomando as actividades presenciais. Decídese modificar esta decisión e acordamos facer a asemblea xeral , programada para o 26 de marzo, de xeito presencial.

A asemblea xeral se convocará ás 11:00 horas en primeira convocatoria e ás 11:30 horas en segunda convocatoria.

Convenio coa Área de Medio Rural da Deputación Provincial de Lugo

Enviáronnos o borrador do convenio de colaboración connosco cunhas condicións que a federación non pode asumir, por este motivo o rexeitamos e agardamos que nolo envíen de novo coa modificación dos termos.

Esta é a parte que rexeitamos:

“Base 9.- Instrución do procedemento A entidade colaboradora, FAPACEL, será a responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisar as solicitudes presentadas, e verificar que estas conteñen a documentación esixida, así como que os solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que neles concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarios. Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirá ao solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, no caso contrario, terase por desistido da súa petición, previa resolución que lle será notificada ao solicitante. Revisados os expedientes e, no seu caso, completados, serán remitidos á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, xunto con informe no que se reflicta a relación de solicitantes aos que se lles concederá a axuda, con determinación dos importes das subvencións, atendendo ao establecido na Base 5, e a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

Base 7.- Presentación de solicitudes Os interesados en solicitar estas axudas disporán dun prazo de presentación de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, resolvéndose as solicitudes dando prioridade aos centros escolares situados en municipios de menos de 20.000 habitantes ata esgotar o orzamento dispoñible. Os interesados deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse nas oficinas da entidade colaboradora FAPACEL”.

A resposta que remitimos á Área de Medio Rural foi a seguinte:

“Na xuntanza mantida convosco o día 26 de novembro do 2021 falamos de establecer un sistema de colaboración para achegar as nosas anpas asociadas sobre todo do rural, as potencialidades do emprendemento no rural a través de visitas, charlas u obradoiros.

A FAPACEL temos a capacidade de facer publicidade deste proxecto e ademáis o consideramos necesario para apoiar ás iniciativas que xorden no territorio. Tamén vemos a importancia de dar a coñecer estas iniciativas porque iso crea redes que son necesarias para o desenvolvemento do mundo rural, e por suposto, queremos formar parte dese traballo.

Desgraciadamente nós, como federación de anpas, non temos a capacidade de xestionar o voso proxecto. Podemos darlle publicidade, sen dúbida, podemos poñervos en contacto coas anpas, facer unha enquisa de satisfacción ao rematar as actividades ou pedirles ideas e trasladárvolas. Pero non temos persoal nin capacidade económica para encargarnos da parte burocrática da xestión destas subvencións”.

Apuntar tamén que a Área de Xuventude do Concello de Lugo, púxose en contacto coa FAPACEL para pedirnos que fixese un sondeo entre as anpas de Lugo cidade asociadas a nós para saber cantas estarían interesadas en participar no desfile do Arde Lucus.

Fixemos ese sondeo e enviamoslles o listado.

Transporte no rural para o alumnado do ensino non obrigatorio

Pediuse dende ANPAS GALEGAS unha xuntanza co Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para abordar o tema do transporte para o alumnado de bacharelato e de FP da zona rural.

Ademais de facer isto deberíamos pensar en que máis accións facer, aínda que sexa complicado dado o inmovilismo das familias.

Unha das ideas é facer unha campaña de vídeos cortos co tema do transporte no rural pero tamén con outros problemas que afectan a estes centros, por ex. a eliminación de optativas por non chegar ao número mínimo que require a consellería.

Rogos e preguntas

Buscamos ideas para activar a páxina de ANPAS GALEGAS SOMOS RURAL e ocurriúsenos organizar un concurso de vídeos ou fotos sobre o rural para activala.

A temática podería xirar en torno a poñer en valor o patrimonio ou, tamén, sobre experiencias no rural traballadas polos nenos.

Acordamos preparar as bases.

Sen máis asuntos que tratar levantase a sesión ás 22.00Horas



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 4 de abril de 2022 ás 20.00horas en primeira convocatoria e ás 20.30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos seguintes membros:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro
Elvira Lombao Vila
Dorotea Paz Cortiñas
Leticia Gutiérrez
Giovana Trelles
Javier Luaces

E coa seguinte orde do día:

- Aprobar a petición de axudas para financiar as actividades da Federación da Xunta de Galicia
- Cambio de representación da Federación en Anpas Galegas
- ROGOS E PREGUNTAS

Acordase por unanimidade a petición das axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado, e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2022 (código de procedemento ED507A). sendo a representante para estas solicitudes a presidenta Isabel Calvete

Acordase que a partir de hoxe as representates de FAPACEL na Confederación Anpas Galegas serán Isabel Calvete Carrera e Leticia Gutiérrez González

Sen máis asuntos que tratar levantase a sesión ás 21.30 horas



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo
FAPACEL
Avd de A Coruña, 500
27003 – Lugo
fapacel@gmail.com

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 30 de setembro de 2022 ás 20:15 horas reúnese a Xunta Directiva da Fapacel, coa asistencia dos seguintes membros:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro Rego
Leticia Gutiérrez González
Javier Luaces Maira
Raquel Hermida Manzanegue
Otilia González López

E coa seguinte orde do día:

1. Estado de contas.
2. Balance do inicio de curso: problemas no transporte, tema Edixgal e compra de libros, recortes. Qué facemos ao respecto.
3. Actividades:
 - Subvención Igualdade: Enfermería: Educación afectivo-sexual.
 - De balde: Cogami: charlas en liña familias: outubro-décembro. Charlas presenciais coles: xaneiro-maio.
 - Subvención Deputación:
 - Saúde mental: Cristina Casal.
 - Educación emocional: Zeltia.
 - Trastornos conductas alimentarias: Carla de Rábade?
 - Igualdade, inclusión e diversidade: ARELAS (concienciación e consecuencias penais), RAIOLAS.
 - TRADI: Branca Villares.
 - Bullying: gabinete Aprendemos (despois de febreiro), Tania (Otilia).
 - RCP: Enfermería ou Raquel.
 - ANPAS GALEGAS: Charlas sobre novas masculinidades: escollemos nós ou collemos as de ANPAS GALEGAS.
4. Organización dos grupos de traballo: por grupos de Whatsapp.
5. Rogos e suxestións.

1. Estado de contas.

A Tesoureira non pode asistir á asemblea, quedando pendente este punto.

2. Balance do inicio de curso:

Co tema dos problemas co transporte, nos notifican moi poucos casos aínda habendo moitos, polo que non podemos facer nada ó respecto. Imos facer unha consulta á Xefatura de Transporte para preguntar de quen é a responsabilidade das nenas e nenos cando están no transporte escolar.

No tema Edixgal vaise facer terceira vez un escrito para que nos digan ordes claras en canto ó tema dos libros e a súa compra por parte dos pais cando as nenas e nenos están nun curso Edixgal.

Co tema das ratios en colexios grandes, imos facer unha consulta para saber se hai algunha normativa onde diga se ten que haber un espacio mínimo para cada nena ou neno nunha clase.

Fálase tamén de facer un escrito modelo para as Anpas para que poidan solicitar unha aula nos seus Centro para poder facer a reunións e asembleas.

Decidimos iniciar unha campaña por redes sociais para reivindicar a gratuidade do ensino público empezando polos libros de texto. Falamos de abrir fío do correo electrónico con ideas e facer campaña.

3. Actividades:

- Subvención Igualdade: Enfermería: Educación afectivo-sexual.

As charlas estanse preparando dende o Colexio de Enfermería e van realizar neste trimestre (ata o 30 de novembro).

- De balde: Cogami: charlas en liña familias: outubro-décembro. Charlas presenciais coles: xaneiro-maio.

Cogami propón unha serie de charlas en materia de discapacidade. Neste trimestre hanse realizar as charlas en liña cas familias.

- Subvención Deputación:

- Saúde mental: Cristina Casal.

Quedamos en poñernos en contacto con Cristina para que nos envíe un orzamento.

- Educación emocional: Zeltia de Crea.

Estamos á espera de que nos envíe o orzamento das charlas.

- Trastornos conductas alimentarias: Carla de Rábade?

Con Carla estamos en contacto pero aínda nos ten que dicir se pode facturar ou non.

- Igualdade, inclusión e diversidade: ARELAS (concienciación e consecuencias penais), RAIOLAS.

Falamos con Cristina de Arelas e comentamos de facer charlas conxuntamente co abogado de Arelas para que ademáis do contido da concienciación, estean tamén presentes as posible consecuencias penais. Queda pendente de mandarnos orzamento.

- TRADI: Branca Villares.

Falamos de incluír tamén os talleres Tradi con Branca.

- Bullying: gabinete Aprendemos (despois de febreiro), Tania (Otilia).

Falamos co gabinete Aprendemos e nos mandan so un tipo de presuposto no que so está o prezo por charla, sen especificar o que se fai na charla, etc. Pedímoslles un orzamento máis específico.

- RCP: Enfermería ou Raquel.

Raquel mirará de facer charlas/talleres de RCP.

- ANPAS GALEGAS: Charlas sobre novas masculinidades: escollemos nós ou collemos as de ANPAS GALEGAS.

Eliximos facer as charlas cos mesmos que fixeron as axendas para Anpas Galegas.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 21:45 horas.

A Secretaria

A Presidenta

Asdo. Leticia Gutiérrez González

Asdo. Isabel Calvete Carrera



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo
FAPACEL
Avd de A Coruña, 500
27003 – Lugo
fapacel@gmail.com

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 03 de novembro de 2022 ás 20:45 horas reúnese a Xunta Directiva da Fapacel de xeito en liña, coa asistencia dos seguintes membros:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro Rego
Leticia Gutiérrez González
Javier Luaces Maira
Giovana Trelles Alonso
Dorotea Paz Cortiñas

E coa seguinte orde do día:

1. Estado de contas
2. Actividades primeiro e segundo trimestre de 2023.
3. Prazos de solicitudes das actividades de 2023.
4. Enfermería Escolar.
5. Envío de axendas Anpas Galegas.
6. Xustificación subvención Xunta.
7. Xustificación subvención Deputación.
8. Actividades formativas de Anpas Galegas.
9. Actividades formativas de Cogami.
10. Necesidade de dar publicidade a todo o que publicamos e a todas as actividades.
11. Rogos e suxestións.

1. Estado de contas:

O saldo actual da conta 6.592,89€

2. Actividades primeiro e segundo trimestre de 2023:

Expóñense e acéptase as actividades pensadas para estes dous trimestres:

- Charla de Bullying
- Charla Educar na diversidade
- Obradoiro RCP Básica na Escola
- Charlas de nutrición
- Obradoiros Troupelear

- Charlas novas masculinidades
- Charlas sobre diversidade afectivo sexual, familiar e lgtbifobia

Acórdase facer tamén formacións de competencias dixitais de Abalar e/ou Canva.

3. Prazos de solicitudes das actividades de 2023:

Acórdase que as Anpas soliciten as actividades presenciais antes do día 15 de xaneiro de 2023, e que pidan 3 actividades en orde de preferencia. As charlas en liña serán abertas. Se ofertarán cando estean preparadas e ca data asignada, e as Anpas interesadas so terán que anotarse.

4. Enfermería Escolar:

Acórdase intentar facer campaña nas redes sociais. E facer un escrito modelo para enviar ó Conselleiro de Educación.

5. Envío de axendas Anpas Galegas:

O custo de enviar as axendas por Correos sae por uns 5€ a axenda, polo que se desestima esta opción.

Acórdase facer puntos de recollida para dar a axendas xunto con puntos de libros, etc., e facer un *pack* para que o recollan as Anpas.

6. Xustificación subvención Xunta:

Coméntase a situación da subvención de Igualdade da Xunta. Está xa case realizada e tense que xustificar máximo o 30 de novembro.

7. Xustificación subvención Deputación:

Coméntase a situación da subvención. Están requirindo aínda documentación do convenio de 2021. Está a piques de rematar a xustificación. En canto estea resolto espérase firmar o convenio de 2022.

8. Actividades formativas de Anpas Galegas:

Coméntase as charlas formativas que ofrecen Anpas Galegas:

- 8 de novembro, martes, 18:00, Consellos escolares.
- 15 de novembro, martes, 18:00, Libros de socias.
- 22 de novembro, martes, 18:00, Libros de actas.
- 29 de novembro, martes, 18:00, Tesouraría e Fiscalidade.
- 30 de novembro, mércores, 18:30, Protección de datos.
- 13 de decembro, martes, 18:00, Seguros obrigatorios e necesarios

- 20 de decembro, martes, 18:00, Normativa de Convivencia.

9. Actividades formativas de Cogami:

Coméntanse as charlas que se están a facer dende Cogami. Un total de 5 charlas:

- Aspectos básicos sobre discapacidade.
- Trato de persoas con discapacidade
- Linguaxe inclusivo
- Coeducación e diversidade
- Trámites e recursos para persoas con discapacidade

10. Necesidade de dar publicidade a todo o que publicamos e a todas as actividades:

Remárcase a necesidade de dar publicidade a todo o que se publica nas redes sociais. Acórdase a máxima difusión.

11. Rogos e suxestións:

Fálase do protocolo de “Bo trato no Colexio”.

Acórdase facer unha recollida de frases curtas que as nenas e nenos escoitan e que son denigrantes e con falta de respecto.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 22:10 horas.

A Secretaria

A Presidenta

Asdo. Leticia Gutiérrez González

Asdo. Isabel Calvete Carrera



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo
FAPACEL
Avd de A Coruña, 500
27003 – Lugo
fapacel@gmail.com

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 20 de decembro de 2022 ás 20:45 horas reúnese a Xunta Directiva da Fapacel de xeito en liña, coa asistencia dos seguintes membros:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro Rego
Leticia Gutiérrez González
Javier Luaces Maira
Giovana Trelles Alonso
Raquel Hermida Manzanegue
Otilia González López

E coa seguinte orde do día:

12. Estado de contas
13. Escrito enfermería
14. Subvención de Igualdade de 2023.
15. Actividades.
16. Felicitación de Nadal.
17. Resumo da xuntanza co responsable da área de deportes da Deputación.
18. Postura da Federación ante a situación do alumno con necesidades especiais do les Basanta Silva de Vilalba.
19. Rogos e suxestións.

12. Estado de contas:

Ingresaron o segundo pago da subvención de Igualdade.

13. Escrito Enfermería Escolar:

Deixase para falalo despois das festas.

14. Subvención de Igualdade de 2023:

Decidimos seguir traballando co Colexio de Enfermería.

- Prevención do abuso.
- Educación Afectivo-Sexual.

15. Actividades:

- Hai, de momento, 31 Anpas que solicitaron as actividades do 2º e o 3º trimestre.
- Temos ademais as 6 charlas de Cogami que pagan elas e nolas pasan a finais de xaneiro. Farán presenciais nos Colexios, de febreiro a maio.
- O Colexio de Odontólogos de Lugo farán de balde 3 obradoiros de 2 xornadas. Hai que mirar e asinar o Convenio de colaboración con eles.

16. Felicitación de Nadal:

Decidimos facer unha felicitación de Nadal cun debuxo e unha frase.

17. Resumo da xuntanza co responsable da área de deportes da Deputación:

Fálase da reunión que mantivo Isabel sobre a liña de subvencións para coles rurais en deportes. Chamaran eles para dicir o que nos ofrecen.

18. Postura da Federación ante a situación do alumno con necesidades especiais do les Basanta Silva de Vilalba:

Decídese contrastar a información, falando, entre doutros, ca Anpa do IES.

19. Rogos e suxestións:

- Fálase do problema do Vista Alegre co comedor. Acórdase apoiar a mobilización da Anpa. Despois das festas dirannos a ver que fan.
- Fálase das Axendas, e de que as Anpas non mostran interese en recollelas. Acórdase que para a próxima vez incluíranse os gastos de envías por correo/mensaxería na subvención.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 21:15 horas.

A Secretaria

A Presidenta

Asdo. Leticia Gutiérrez González

Asdo. Isabel Calvete Carrera

ACTAS DE XUNTANZAS CON DIVERSAS ORGANIZACIÓNS

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR-Galicia), é unha entidade sen ánimo de lucro composta por 64 asociacións de mulleres rurais federadas que se atopan diseminadas en núcleos rurais de ámbito provincial e autonómico integrando unhas 10.000 mulleres do medio rural de toda Galicia sendo a única Federación destas características en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os seus fins está o de contribuír á igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos (social, político, económico e social), fomentar a participacións das mulleres e mellorar o benestar social e a súa calidade de vida, así como promover a prestación de servizos sociais nas diferentes áreas de actuacións dos servizos sociais comunitarios.

Pola dimensión e capacidade de chegar a un importantísimo número de mulleres rurais de Galicia, a experiencia e coñecemento do medio rural e a especialización das profesionais coas que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR) reúne as condicións para o desenvolvemento do PLAN CORRESPONSABLES sendo a única Federación destas características en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

O Plan Corresponsables, é unha nova política pública de Igualdade de xénero, que ten por obxecto iniciar o camiño para garantir o coidado coma un dereito dende o inicio da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo da Ley Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.

O Plan Corresponsables para xerar unha redistribución das tarefas e dos tempos dos coidados, destinase a actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con fillas e fillos de até 16 anos, mediante a creación de bolsas de coidados profesionais, a creación de emprego de calidade no sector dos coidados e a posta en marcha dun sistema de habilitación de para o recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos coidados de menores.

Por todo elo, Fademur-Galicia desexa contactar a través das Asociacións de Nais e Pais de Galicia, con todas aquelas mulleres que desexen ser informadas puntualmente da formación que imos a iniciar cara a obtención da acreditación do certificado de profesionalidade no coidado de menores, o que permitirá a todas aquelas mulleres que o logren, ser incluídas nas bolsas de emprego que se crearán nos Concellos para cubrir esta necesidade.

Convidamos a todas aquelas ANPAS e as mulleres que a título individual estean interesadas, tanto na información como na formación que ofrecemos de maneira totalmente gratuíta, a poñerse en contacto con FADEMUR-Galicia no correo electrónico galicia@fademur.es

Agradecendo de antemán a atención prestada, recíbide un cordial saúdo



Asdo. Verónica Marcos Arrojo Presidenta FADEMUR-Galicia



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

XUNTANZA COA SECRETARIA DO COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DE LUGO

31-01-2022 ás 12:00 na sede do Colexio Oficial de Enfermería

Asistimos Doris máis eu e acordamos os termos do convenio que logo firmei. Eses termos foron os seguintes:

- Acordamos que o título do proxecto fora:” Educación e saúde”
- A colaboración consistirá na impartición de charlas tanto para nais e pais como para o alumnado sobre os seguintes temas:
 - Educación sexual
 - Alimentación saudable: obesidade, trastornos alimenticios, deporte
 - Primeiros auxilios
 - Prevención da saúde mental: Autoestima, bullying..

Elas comprometéuse a buscar os especialistas que precisen para esas charlas, daránnos as datas que teñan disponibles para dar as charlas.

O formato será primeiro dar a charla en liña aos pais da anpa que o solicita e na mesma semana darán a charla aos nenos no colexio. Este ano van dalas a infantil, e a idea e facelas entre marzo e abril. Antes de dar as charlas mandarase a información aos pais e tamén ao colexio.

Foi unha reunión moi cordial.



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

RESUMO DA XUNTANZA DO DÍA 31 DE MARZO DO 2022 CON COGAMI

HORA: 10:00

LUGAR: CEI NODUS

ASISTENTES: Isabel Calvete por FAPACEL e Nuria por COGAMI

Falamos de facer as charlas e obradoiros de inclusión tanto a familias como a alumnado.

Quedou en enviar unha programación sen datas para realizar estas charlas no primeiro trimestre do curso 2022-23 e como moito até marzo, serían presenciais para o alumnado en horas lectivas e en liña para as familias.

Nesa programación mandarán o número de charlas que poden dar e as condicións de grupos e idades.

Estas charlas e obradoiros son subvencionados; as anpas non terían que aportar nada.



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

XUNTANZA CO RESPONSABLE DA ÁREA DE MEDIO RURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

DATA:31 DE MARZO DO 2022

HORA: 11:30

LUGAR: DEPUTACIÓN

ASISTENTES: Isabel Calvete pola FAPACEL , Charli e Pablo pola Deputación e representantes das entidades subscritas ao proxecto “Da escola á granxa”.

TEMA: SUBVENCIÓN DE MEDIO RURAL PARA ANPAS

Informan de que cambiaron as condicións e hai un novo borrador, neste, o importe subvencionado alcanza o 95% e a anpa tería que aboar o 5% do importe . Vanse subvencionar as visitas ás entidades inscritas non proxecto e o autobús.

Están dirixidas a anpas de concellos de menos de 20000 habitantes.

Son subvencións de concurrencia non competitiva. As anpas poderán solicitar máis de unha actividade. No caso de chegar á segunda opción , esta seguiría un criterio de distribución co fin de que todas as entidades poidan beneficiarse deste proxecto.

Teñen previsto publicar a convocatoria o 11 de abril e dar 20 días de prazo.

Piden ideas para conseguir a continuidade deste proxecto.

Como deferencia á FAPACEL, vainos enviar as bases e a oferta antes da súa publicación para que lla mandemos as nosas anpas asociadas

Resumo reunión 4/4/22

Por parte da FAPACEL asiste Doris

Rede Museística Provincial de Lugo

A rede museística de Lugo está formada polo Museo Provincial o castelo de San Paio de Narla e o Museo do Mar e Pazo de Tor.

Queren achegar as actividades que fan ás familias a través das Anpas. Con visitas, obradoiros, actividades para a conciliación, campamentos.

A dificultade está na adolescencia, na que notan que apenas teñen visitas os museos.

Informámosvos de que páxina <http://redemuseisticalugo.org/>

Podereis atopar información relativa a visitas incluso visitas virtuais, actividades online...

Tamén se poden establecer traballos por proxectos en colaboración cos museos para desenvolver algunha actividade.

A idea de un museo como unha experiencia sensorial onde os peques queden con boas impresións e servan de embaixadores

Outra actividade é a do museo na escola, onde levan unha maleta viaxeira con materiais para facer exposicións.

Precisan de nós, das familias para coñecer as nosas necesidades e poder mellor resposta.

ESCRITOS ENVIADOS ÁS ADMINISTRACIONES



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

Dende a FAPACEL apoiamos as protestas da Anpa do Ceip Plurilingüe Vista Alegre de Burela sobre a calidade da comida que se sirve no comedor escolar dese centro porque consideramos que é unha protesta totalmente lexítima.

Non se pode consentir que unha situación que se alonga dende o curso pasado e da que xa protestou a Anpa en reiteradas ocasións, e totalmente fundamentada, aínda estea sen resolver.

Estase tirando ao lixo, literalmente, a comida das nenas e nenos do colexio e o diñeiro de tódolos cidadáns.

Reivindicamos unha vez máis que o comedor escolar ten que ser un garante de calidade e un servizo educativo.

Reivindicamos que todos os comedores escolares sexan de xestión directa porque consideramos, que baixo a tutela directa da Consellería non teríamos estes problemas de calidade e atención.

Aproveitamos, en base a información que nos chega das Anpas , para solicitar que se considere a necesidade dunha formación axeitada das persoas que traballan de coidadoras de comedor e se inicien os mecanismos para regularizar esta situación.

Solicitamos á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Lugo a que resolva canto antes este problema polo ben do alumnado do Ceip Plurilingüe Vista Alegre que é o único realmente importante.

Un cordial saúdo,

Isabel Calvete Carrera

Presidenta de FAPACEL

ÁREAS DE ESCOLARIZACIÓN OU INFLUENCIA PARA CENTROS PÚBLICOS E CONCERTADOS

O artigo 86 da Lei Orgánica de Educación, logo da redacción dada pola Lei 3/2020, do 29 de decembro, indica no seu punto primeiro:

As administracións educativas garantirán a igualdade na aplicación das normas de admisión, o que inclúe o establecemento das mesmas áreas de escolarización ou influencia para os centros públicos e privados concertados, dun mesmo concello ou ámbito territorial, en función das ensinanzas que impartan e dos postos escolares autorizados.

As áreas de influencia determinaranse, oídas as administracións locais, de xeito que permitan garantir a aplicación efectiva dos criterios prioritarios de proximidade ao domicilio e cubran no posíbel unha poboación socialmente heteroxénea.

En ningún caso as características propias dun centro ou da súa oferta educativa, tales como as derivadas do feito de que o centro imparta ensinanzas plurilingües, da que tivera recoñecida unha especialización curricular ou tivera participado nunha acción destinada a fomentar a calidade, poderán supoñer modificación dos criterios de admisión.

O Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, explicita no seu artigo 2 o que se considera área de influencia en Galicia, e onde está a competencia e procedemento para fixalas, polo que non cremos necesario repetir aquí esta normativa.

Por suposto, este sería un momento magnífico para reorganizar as áreas de influencia de todos os centros escolares urbanos da Comunidade, porque as súas áreas están moi lonxe de responder á realidade das cidades galegas.

Pero imos comezar por algo máis sinxelo, o procedemento de admisión comeza hoxe, 1 de marzo, e nós non temos coñecemento de que exista un traballo de detalle na reorganización das áreas de influencia dos centros privados concertados para seren adscritos á mesma área que outros centros públicos do mesmo concello ou ámbito territorial; non temos coñecemento de que se convocar an os consellos escolares municipais, alí onde os hai, nin de que se recorrera á administración municipal onde -incumprindo a normativa vixente- a Xunta está permitindo que non os haxa.

Por suposto, non podemos estar en absolutamente toda a Comunidade e coñecer tod as as circunstancias, pero si que estamos presentes nunha importante parte do territorio galego e non temos coñecemento de que se estea facendo este traballo.

Temos polo tanto dúas preguntas:

- Que está facendo esa xefatura territorial para asegurar a reorganización das áreas de influencia galegas para adaptalas á nova normativa provocada pola aprobación da Lei 3/2020
?
- Por que, 35 anos despois da súa aprobación, a Xunta de Galicia continúa permitindo que moitos concellos galegos continúen incumprindo o artigo 15.5 da Lei 3/1986 no que se di claramente que “Os municipios que dispoñan polo menos dun colexio de EXB deberán constituí-lo Consello Escolar Municipal” ? . Máis aínda agora cando que esa permisividade potencia a falta de diálogo e participación da comunidade educativa na fixación das áreas de influencia.

Compostela, na data da sinatura

electrónica. Un saúdo

Fernando Lacaci Batres,
presidente. Isabel Calvete
Carrera, vicepresidenta.

CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA. SECRETARÍA
XERAL TÉCNICA
SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL
SUBDIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN, INSPECCIÓN E AVALIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO

ANPAS GALEGAS solicitamos unha reunión co Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para abordar o tema do transporte para o alumnado de bacharelato e de FP.

Dende a confederación ANPAS GALEGAS temos que volver a insistir na importancia de traballar a prol dun rural ao que pertencemos todas e na importancia de esixir a nosa Administración que tamén faga ese traballo, que ao fin e ao cabo é a súa competencia.

A nosa é reivindicar un ensino público de calidade, igualitario, laico e en galego para todas as nenas e nenos deste país, e cando falamos de todas é de todas, das que están nas vilas, das que viven nas cidades e tamén das que teñen a sorte de habitar as aldeas.

Temos un problema importante de vertebración do territorio no que se refire a transporte público e tamén estrutural do ensino e iso afecta directamente ao alumnado de BAC e de FP.

Non é un problema novo, é un tema que sempre estivo presente nas opcións do alumnado do rural, pero si semella que ano tras ano vaise vendo máis agravado. A mocidade rural está vendo de lonxe como se abren posibilidades de traballo e formación en FP e Bacharelato que para elas quedan a unha distancia insuperable porque o transporte galego non está á altura das necesidades actuais, pero tamén porque non se lles recoñecen os dereitos que permitirían salvar a diferenza de opcións reais que manteñen coa mocidade urbana galega. Por iso, nun momento como este, na que a despoboación rural está nun punto crítico, é preciso empezar a deseñar medidas para contrarrestar esta , semella, imparable a tendencia ao abandono do rural.

Pero tamén é importante lembrar que todas as nenas e nenos galegos teñen os mesmos dereitos e por tanto, teñen que estar nas mesmas condicións de igualdade.

Vicepresidenta

O presidente



Isabel Calvete Carrera



Fernando Lacaci Batres

Lemos na prensa, escoitamos no Parlamento, e vemos na propia páxina da Xunta unhas declaracións do conselleiro de educación que nos deixan absolutamente perplexas, pero non caladas, porque mentres o noso conselleiro de Educación, Universidade e FP gábase dos millóns que van investir, coma se fosen del, que a fin de contas o seu traballo é xestionalos axeitadamente; pois iso, mentres el saca peito con novas de fantasía, nós temos algo que dicir:

- Fala da evolución dos Espazos Maker (??) implantados como experiencia piloto en 20 centros - lembremos que en Galicia hai máis de mil centros *públicos-como espazos físicos de co-creación dende unha perspectiva de competencia STEM*. Que bonito soa, que ben escrito, que alto falamos e con cantalabia!!; pero resulta que algo tan básico coma o de cubrir as prazas vacantes do profesorado, pois non está na axenda. Seica carece de importancia cubrir as baixas de menos de 15 días, por iso desaparecen das listaxes públicas, para que non se vexa que a consellaría, logo do escándalo do mes de decembro pasado, continúa coa política de miseria, negándolle as nenas e nenos galegos o máis elemental dereito a teren un docente de seu, non un emprestado por horas.

Nesas aulas é onde están **TODAS** as nenas e nenos galegas e non nesas outras vinte de relumbrón, pero así realmente é como está o Ensino Galego, algunhas terán espazos Maker, e perspectivas STEM, outras, as máis, non teñen nin docentes.

- 120 millóns en adaptar o sistema educativo á era dixital- cousa boa e moi necesaria, aí coincidimos- diñeiros que o conselleiro di que son para acadar "*o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento*". Outra vez que bonito e ben escrito, máis conto!!.

Mágoa que teremos que poñer unha vela a algún santo laico para que a cobertura de internet chegue a todos os recunchos do territorio, porque de non ser así non imos acadar esa transformación dixital, nin agora nin en moitos anos; mágoa tamén que o profesorado careza da formación necesaria para incorporar a formación dixital -non os ordenadores, conselleiro, o ecosistema educativo dixital non son os ordenadores, é máis ben a capacidade para saber utilizalos facendo que sexan a ferramenta dun novo modelo educativo-; mágoa por último que nos currículos educativos galegos continuemos deixando de lado a formación dixital do alumnado, e así temos a alfabetización dixital que temos; así pouco ecosistema imos conseguir. Agás de que sexa un ecosistema privado, quizais por aí vaian os intereses do conselleiro.

- Imos tamén avanzar en E-Dixgal, que semella o conto de nunca rematar, agora súmanse 75 centros, a este paso non chegamos. Un E-Dixgal que trae de cabeza ás familias galegas, porque ao final, e á parte de ter que pagar un seguro privado por se se estraga o ordenador emprestado, E-Dixgal é a mesma estratexia educativa que antes cos libros de texto, agás honrosas excepcións, pero en pantalla pequena, (cando non se pretende traballar con libros e ordenadores á vez como ocorre en moitos centros; libros que, por certo, nese caso ninguén subvenciona); un E-Dixgal que, tamén, non ten os contidos adaptados á nova lei, certo que polo retraso estatal na publicación dos currículos, certo tamén que pola negativa endémica galega á realización de materiais propios que poderían obviar parcialmente a dependencia a Madrid, pero que, claro, tamén quitarían negocio ás editoriais que son moi queridas pola Xunta de Galiza.

Quizais cando sexa operativo o novo Centro de Innovación Educativa e Dixital se

poida formar ao profesorado, alumnado e familias en como utilizar esa seica fabulosa ferramenta que din que é E- Dixgal. Curioso goberno que primeiro lanza as estratexias e logo crea un centro para deseñalas.

- Informámonos de que teremos 134,6 M€ (imos nós tamén a utilizar a curiosa maneira de escribiremos da propia consellaría) para que o 100 % das aulas sexan dixitais. Ese dato é o mesmo que a AMTEGA ten colgado na súa páxina web dende o 13 de maio de 2021, (estaría ben que se reciclaran as novas e non se repetiran, soa a propaganda) e consiste na adquisición, en tres anos, de 5.000 paneis interactivos para as aulas, o que se chaman pizarras dixitais que están a utilizarse igual que os vellos encerados maiormente -novamente porque non é a ferramenta a que fai ao artesán, senón o coñecemento do material que ten que utilizar-, 45.000 ultra portátiles, equipos para 2000 aulas, e 55.000 equipos fixos e portátiles para as docentes. Está ben, non nos parece mal. Pero dicimos o mesmo que antes, previo a iso ten que haber conexións e formación. Hainas? Non nolo parece.

En fin, as declaracións de intencións sempre están ben, mesmo ilusionan, máis cando miramos a letra pequerrecha decatámonos da triste realidade. Neste caso, a da inversión para o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento. De tódolos xeitos alegrámonos enormemente de que teñan en conta tamén os centros de Formación Profesional á hora de incluílos neste gran proxecto.

Nas declaracións do conselleiro que comentamos, non deixa de sorprender que se atreva a mencionar a “falla de diferenza” entre o eido rural e o urbano en canto aos proxectos consolidados que levan ao ensino galego a ser referente en resultados. Dende logo o falar non ten cancelas. Ás veces pensamos que vivimos en “rurais” diferentes; as nosas Anpas viven nun rural sen facilidades de ningún tipo, sen transporte nin gratuito nin non gratuito para o alumnado que non curse ensino obrigatorio, que ten que emigrar para continuar estudando; sen ensinanzas de música, arte, idiomas ou mesmo con algunha oferta deportiva; co constante temor a que o curso seguinte desaparezan aulas, ou colexios ao completo. Tamén, e dicímolo con claridade, con boas profesionais que son realmente as que conseguen os resultados, non as estratexias -inexistentes- da administración educativa. As Anpas do rural da consellería non sabemos onde viven.

E chegamos á atención á diversidade. Non discutimos que haxa eses preto de 4000 profesionais que di o conselleiro que hai nos centros galegos, supoñemos que son a suma de PT, AL e orientadoras, non temos eses datos nin aparecen nos publicados pola consellaría, pero si temos os datos que nos proporcionan as familias, e nolo din claramente: o que hai non chega nin de lonxe, é insuficiente; o tempo para emitir unha avaliación dun alumno ou alumna é excesivo porque os profesionais non dan abasto en boa parte dos casos, moitos centroscomparten algún especialista, non hai unha continuidade que é máis que necesaria para a atención ao alumnado con necesidades especiais. Noutras cousas poderemos discutir quen manexa os datos máis exactos; en atención á diversidade non. Falta moito, moito, para que iso sexa unha realidade da que poidamos sentirnos orgullosas.

Outro tanto se falamos de convivencia, efectivamente temos un órgano no que as familias participamos a través dos nosos representantes, o Consello Galego de Convivencia que se reúne unha vez ao ano , segundo a normativa que o regula, iso si, unha vez ao ano pero non de todos os anos se atendemos á experiencia. E cando se reúne é para escoitar o discurso triunfalista do conselleiro. E a convivencia nos centros continúa a ser un mero catálogo de multas e sancións. Sen comentarios.

E que dicir do benestar emocional cando levamos tres cursos reclamando a posta en

marcha de medidas efectivas e reais ?, medidas coas que afrontar as situacións que afectan á saúde mental das mozas e mozos e que derivan da crise sanitaria, que están reclamándose a boca chea por parte das profesionais da saúde, e que a Xunta de Galicia pretendeu resolver con outro dos seus plans fantasma, ese Plan de benestar emocional do que nada se sabe nin para nada serviu ata o de agora.

E o de *Galicia, un modelo para o Estado*: por favor, conselleiro, a política fágaa na web do partido, non na da consellaría que non é da súa propiedade. Preocupémonos de avanzar en termos un mellor Ensino Público Galego, que con iso xa temos abondo que rascar, e deixemos de lado as comparacións que sempre foron perigosas. Se temos algo que achegar ao resto fagámolo con honestidade, e permitímonos dicirlle algo: ser mellor que outro que non é bo tampouco é grande cousa; o importante é estar certo de facelo ben, e os resultados educativos, os de verdade, non os que se publican oficialmente, deixan moito que desexar neste País.

Fernando Lacaci Batres, presidente de ANPAS

GALEGAS - 610 616 968 Isabel Calvete Carrera,

vicepresidenta de ANPAS GALEGAS - 600 699 293



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

Isabel Calvete Carrera, con DNI 09773720P, en calidade de presidenta da FAPACEL

EXPOÑO:

- O 30 de xullo do 2018 esta asociación asinou un convenio de colaboración co EXCMO. Concello de Lugo en materia de apoio á actividades e difusión das políticas europeas de educación, formación, emprego e apoio ao emprendemento.
- En dito convenio de colaboración o Excmo. Concello de Lugo di textualmente que :”
facilitará á F.A.P.A.C.E.L a utilización de un local no edificio no que se ubican Espazo>lab- Europe Direct-Lugo, Avda. Coruña 500 (antigo cuartel de Garabolos) de Lugo, para desenvolver as accións tendentes a lograr os obxectivos previstos no presente Convenio de Colaboración”.
- Sobre a duración do convenio di textualmente:” ... en todo caso a duración do convenio será por 4 anos, non obstante antes de terminar o prazo estipulado, **poderase acordar entre as partes a súa prórroga por outros 4 anos adicionais** , ou a súa extinción,...

Polo anteriormente exposto,

SOLICITO:

ao Exmo. Concello de Lugo unha prórroga deste convenio de colaboración por outros 4 anos.

Reciba un cordial saúdo.

D^a Ana María Gnzález Abelleira Área de Cohesión y Dinamización Social
Concello de Lugo

MANIFESTACIÓN DE APOYO A LA CANDIDATURA DE LUGO COMOPARADA DEL TOUR DEL TALENTO 2023

Desde Asociación Federación Provincial de Anpas de Lugo (FAPACEL), con CIF G27019140, nos adherimos a la candidatura que presenta el Concello de Lugo para que nuestra ciudad sea una de las sedes del Tour del Talento 2023, organizado por laFundación Princesa de Girona.

Consideramos que la organización de una parada del Tour en la ciudad sería una magnífica oportunidad para dotar de mayores herramientas y recursos a los jóvenes, así como para dar visibilidad al talento lucense y potenciar la marca Lugo en el contexto nacional.

Por todo ello, mediante la presente, además de manifestar nuestro apoyo, expresamos nuestro deseo de que la candidatura de Lugo resulte seleccionada, y que el Ayuntamiento pueda organizar un programa de actividades en el que todos os veamos implicados para que esta iniciativa resulte todo un éxito.

En Lugo, a 20 de Octubre de 2022

Firmado por ***7372**
ISABEL CALVETE (R:
****1914*) el día
20/10/2022 con un
certificado emitido por AC
Representación

D./D^a. Isabel Calvete

Carrera Presidenta de

FAPACEL

ACTIVIDADES OFERTADAS ÁS ANPAS

TROUPELEAR **A música tradicional**

Troupelear é un proxecto pedagóxico musical, integral e interactivo, que pretende artellar o contexto que favoreza o seu entendemento e disfrute.

A música tradicional galega, intrínsecamente socializadora, aproveitámola pra que a rapazada deixe o rol de público pasivo-espectador e experimenten os pracer das músicas, bailes e xogos a través dos propios corpos.

Aproveitamos tamén para fomentar e canalizar a creatividade, a expresión emocional, a desinhibición e o espírito crítico n@s nen@s e moz@s.

A proposta de Obradoiros Troupelear para o 2021 é a seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL:

□ "A QUE XOGAMOS?? XOGAMOS TOD@S"

Obradoiro de prevención de violencias e fomento da igualdade: xogos cooperativos e bailes tradicionais en igualdade.

Introducimos xogos de preguntas e dinámicas pra ir desterrando roles de xénero que a idades temperás xa se lles inculcou á rapazada: xogos de reparto de cores, de tarefas, de roupas, de oficios... Traballando a igualdade dende os primeiros pasos

Neste obradoiro facemos un repaso de xogos bailados da nosa tradición, dándolles unha volta en perspectiva de xénero para achegalos ós nosos días. Bailes en roda, en fila ou en parella que nos axudan a tomar conciencia espacial (e tamén emocional) do noso corpo, dos corpos alleos e as interaccións entre eles e os espazos.

□ "A GRAN FESTA DAS FLORES, AI VEN O MAIO"

Obradoiro interactivo para construír un Maio e cantalo.

O período mais vizoso, fértil e luminoso do ano tradúcese na celebración da festa da fertilidade da terra: Os Maíos. Maíos vivos que se erguen e camiñan e bailan entre a xente logo dun longo inverno. Maíos figurados con estruturaras grandiosas engalanadas a xeito de árbores coloridas e floridas. Maías que locen nas coroas as flores da primavera. Maíos criticóns que se cantan pra lembrar

todo aquilo que non se debe esquecer... Tempo de regueifas, e de amores...O tempo do MAIO.

□

□ **O QUE CANTA O MEDO ESPANTA: SAMAÍN!**

Obradoiro de música tradicional de cantigas e xogos para o tempo de outono

Na chegada do outono, as reunións a cuberto asando castañas de sempre deron pra risas e bailes. Falamos do que comemos, xogamos coas castañas, convertémonos en ourizos, buscamos trasnos e cogumelos no monte ou matamos o medo coa risa á luz do candil...

□ **“ TRES ESTRELAS MAGAS SON AS DO CINTURÓN DE ORIÓN”**

Obradoiro de música tradicional interactivo con cantigas e xogos de Nadal

O Nadal é tempo de celebración e festa, mais tamén de transgresión, de agarimo, de recollimento e lembranza, ... e moito mais. Neste obradoiro facemos un repaso rápido polas tradicións asociadas ao solsticio de Inverno ao longo da historia. Dende os cultos ancestrais ao deus Sol, as Saturnais ata as nosas tradicións de cantos de Nadal, mecos de palla, coutos do ano, lendas locais...o tempo do Nadal ocupa un lugar especial no ciclo do ano, e son moitos os recursos didácticos que del podemos obter, adaptados aos diferentes niveis para traballar na escola.

□ **”ÁBREME A PORTA, QUE SON ENTROIDO!”**

Obradoiro práctico de percusión, plástica e composición musical.

O entroido é unha actitude, moito mais que unha mázcara ou disfraz. A tradición galega é mais que rica en ritmos de entroido (Folións e recitados), en indumentarias a recrear (Maragatos, Volantes, Pantallas, Osos, Xenerais, Peliqueiros, Morenas, Troteiros...) , en xogos teatrais (Os Oficios, escarnios, pregóns...), e tamén en melodías con rimas improvisadas. Cada obradoiro deseñámolo introducindo as tradicións do lugar, e así é unha festa diferente de cada vez!

□ **“TI ES RITMO: PRIMEIROS XOGOS, PRIMEIRAS CANTIGAS CO NOSO CORPO”**

Para @s peques mais rebuldeiros propoñemos esta actividade de

autoconhecimento sonoro:

- cantas maneiras coñeces de facer palmas?
- cantos silvidos e sons coa lingua sabes sacar?
- sabes imitar paxaros/ coches/ cabalos?
- cantos ritmos coñeces?

O noso propio corpo: lingua, beizos, boca, mans, pés, gorxa, barriga...hai mil efectos sonoros que podemos obter de nos mesmos...e que podemos combinar con infinidade de cantigas.

Propoñemos neste obradoiro xogos individuais e colectivos, que non implican contacto físico pero permiten traballar xunt@s, facer música xunt@s, aprender, escoitar, respirar...consonar,

□ **Troupelear: Música en familia para nen@s e grandes**

Obradoiro interactivo PRA FACER EN FAMILIA (CONTANDO COA PRESENCIA DE NAIS/PAIS/IRMÁNS) de música tradicional e movemento: pouco cantar, un pouco tocar e un pouco bailar.

Introduce a crianzas e maiores na nosa tradición musical con multitude de melodías, xogos, aloumiños e cóxegas. “Troupelear” é un pouco cantar, un pouco tocar e un pouco bailar. Sí! Porque traballamos con xogos, ritmos, cantigas e bailes rescatadas da nosa tradición musical. E facémolo coa nosa lingua como vehículo de transmisión, asegurando unha pegada certa no desenvolvemento das nenas e nenos.

PRIMARIA

□ **MOZAS BONITAS E ORELLAS DE LOBO**

Obradoiro de sensibilización do alumnado en materia de igualdade e erradicación de violencia contra as mulleres e os nenos e nenas

Neste obradoiro abordamos de xeito lúdico estes temas a partir das músicas nos distintos tempos, e as colectividadeas que as rodean. Fiamos cantigas de antes e de agora, videos musicais, publicidades, tiktoks e demais para poñerlle nome ós micromachismos e ás violencias.

Tamén reflexionamos sobre as colectividadeas tanxibles e as virtuais.

Por último exemplificamos protocolos de axuda en casos de acoso.

Pero...por que comezar a falar desto antes da secundaria??

Porque se non o facemos, chegaremos tarde. Porque todo canto nos preocupa xa forma parte das súas vidas, da súa realidade. É preciso botar unha ollada crítica, verbalizar os riscos e interiorizar protocolos de actuación ante aparición de problemas. Na información e prevención está a clave.

As temperás etapas ás que a mocidade está exposta á hipersexualización na publicidade, redes sociais sen control parental, material pornográfico,

etc. sumado a mensaxes contradictorias entre o entorno familiar-educativo e o social-virtual(altamente mercantilizado), fainos moi vulnerables fronte a agresións de diversa índole.

Por outra banda, os datos en materia de agresións sexuais son claros: mais da metade súfrenas as menores (principalmente mulleres,

mais tamén homes). Delas mais da metade prodúcense antes dos 13 anos.

Destacamos que a inmensa maioría dos agresores non se atopan en idades tempranas, logo é un fantástico momento para intervir e informar.

□ **“UN DOUS TRES, CANTA E BAILA DO REVÉS”**

Sabes tocar unha base de rock con pisadas e palmas? Sabes improvisar Beat-box? Coñeces a Regueifa e o Brindo?? Sonche o Freestyle galego!

Propoñemos un achegamento ás músicas de antes e de agora dende a parte mais lúdica e practica: tocando e rimando xuntos dende o primeiro momento!

Percorrido pola historia das músicas improvisadas e os ritmos que as acompañan...dende as tradicionais galegas ata as rimas e bailes do TIKTOK!

Sen mais instrumento ca ti mesm@!

Sen trampa!

□ **”A GRAN FESTA DAS FLORES, AI VEN O MAIO”**

Obradoiro interactivo para construír un Maio e cantalo.

O período mais vizoso, fértil e luminoso do ano tradúcese na celebración da festa da fertilidade da terra: Os Maíos. Maíos vivos que se erguen e camiñan e bailan entre a xente logo dun longo inverno. Maíos figurados con estruturaras grandiosas engalanadas a xeito de árbores coloridas e floridas. Maías que locen nas coroas as flores da primavera. Maíos criticóns que se cantan pra lembrar todo aquilo que non se debe esquecer... Tempo de regueifas, e de amores...O tempo do MAIO.

□

□ **O QUE CANTA O MEDO ESPANTA: SAMAÍN!**

Obradoiro de música tradicional de cantigas e xogos para o tempo de outono

Na chegada do outono, as reunións a cuberto asando castañas de sempre deron pra risas e bailes. Falamos do que comemos, xogamos coas castañas, convertémonos en ourizos, buscamos trasnos e cogumelos no monte ou matamos o medo coa risa á luz do candil...

□ “ TRES ESTRELAS MAGAS SON AS DO CINTURÓN DE ORIÓN”

Obradoiro de música tradicional interactivo con cantigas e xogos de Nadal

O Nadal é tempo de celebración e festa, mais tamén de transgresión, de agarimo, de recollimento e lembranza, ... e moito mais. Neste obradoiro facemos un repaso rápido polas tradicións asociadas ao solsticio de Inverno ao longo da historia. Dende os cultos ancestrais ao deus Sol, as Saturnais ata as nosas tradicións de cantos de Nadal, mecos de palla, coutos do ano, lendas locais...o tempo do Nadal ocupa un lugar especial no ciclo do ano, e son moitos os recursos didácticos que del podemos obter, adaptados aos diferentes niveis para traballar na escola.

□ ”ÁBREME A PORTA, QUE SON ENTROIDO!”

Obradoiro práctico de percusión, plástica e composición musical.

O entroido é unha actitude, moito mais que unha mázcara ou disfraz. A tradición galega é mais que rica en ritmos de entroido (Folións e recitados), en indumentarias a recrear (Maragatos, Volantes, Pantallas, Osos, Xenerais, Peliqueiros, Morenas, Troteiros...) , en xogos teatrais (Os Oficios, escarnios, pregóns...), e tamén en melodías con rimas improvisadas. Cada obradoiro deseñámolo introducindo as tradicións do lugar, e así é unha festa diferente de cada vez!

SECUNDARIA E BAC

□ MOZAS BONITAS E ORELLAS DE LOBO

Obradoiro de sensibilización do alumnado en materia de igualdade e erradicación de violencia contra as mulleres e os nenos e nenas

Neste obradoiro abordamos de xeito lúdico estes temas a partir das músicas nos distintos tempos, e as colectividades que as rodean. Fiamos cantigas de antes e de

agora, videos musicais,publicidades, tiktoks e demais para poñerlle nome ós micromachismos e ás violencias.

Tamén reflexionamos sobre as colectividades tanxibles e as virtuais.

Por último exemplificamos protocolos de axuda en casos de acoso.

Pero...por que comezar a falar desto antes da secundaria??

Porque se non o facemos, chegaremos tarde. Porque todo canto nos preocupa xa forma parte das suas vidas, da sua realidade. É preciso botar unha ollada crítica, verbalizar os riscos e interiorizar protocolos de actuación ante av

aparición de problemas. Na información e prevención está a clave. As temperás etapas ás que a mocidade está exposta á hipersexualización na publicidade, redes sociais sen control parental, material pornográfico, etc. sumado a mensaxes contradictorias entre o entorno familiar-educativo e o social-virtual (altamente mercantilizado), fainos moi vulnerables fronte a agresións de diversa índole.

Por outra banda, os datos en materia de agresións sexuais son claros: mais da metade súfrenas as menores (principalmente mulleres, mais tamén homes). Delas mais da metade prodúcense antes dos 13 anos. Destacamos que a inmensa maioría dos agresores non se atopan en idades tempranas, logo é un fantástico momento para intervir e informar.

□ **“UN DOUS TRES, CANTA E BAILA DO REVÉS”**

Sabes tocar unha base de rock con pisadas e palmas? Sabes improvisar Beat-box? Coñeces a Regueifa e o Brindo?? Sonche o Freestyle galego!

Propoñemos un achegamento ás músicas de antes e de agora dende a parte mais lúdica e practica: tocando e rimando xuntos dende o primeiro momento!

Percorrido pola historia das músicas improvisadas e os ritmos que as acompañan...dende as tradicionais galegas ata as rimas e bailes do TIKTOK!

Sen mais instrumento ca ti mesm@!

Sen trampa!

□ **”A GRAN FESTA DAS FLORES, AI VEN O MAIO”**

Obradoiro interactivo para construír un Maio e cantalo.

O período mais vizoso, fértil e luminoso do ano tradúcese na celebración da festa da fertilidade da terra: Os Maíos. Maíos vivos que se erguen e camiñan e bailan entre a xente logo dun longo inverno. Maíos figurados con estruturadas grandiosas engalanadas a xeito de árbores coloridas e floridas. Maíos que locen nas coroas as flores da primavera. Maíos criticóns que se cantan pra lembrar todo aquilo que non se debe esquecer... Tempo de regueifas, e de amores...O tempo do MAIO.

A QUEN VAI DIRIXIDO TROUPELEAR? Duración? Prezo?

Estes Obradoiros temáticos adaptan os seus contidos en función da idade dos participantes, tendo 3 niveis básicos:

-Infantil (con ou sen familias). Ata 20 nen@s sen apoio. Ata 25 co apoio d@s mestres e mestras, ou nais e pais (aforo máximo 25)

-Primaria: Ata 25 nen@s sen apoio

-Secundaria: 1º e 2º ESO/ 3º e 4º da ESO ou BAC: Ata 25-30 mozos e mozas dependendo das condicións do local

*Precisamos de espazos diáfanos e cubertos (non necesariamente pechados) para a realización destas actividades, podendo ser realizadas ó aire libre no bon tempo se contamos cun espazo axeitado.

** Atendendo ás medidas de prevención do COVID-19 e ás normativas vixentes, que cambian periódicamente, poderíamos adaptarnos e pactar condicións e espazos.

Facilitarase aos docentes materiais adaptados aos distintos ciclos sobre os Obradoiros temáticos elexidos, para poder traballar en aulas complementariamente e enriquecer a experiencia.

O tempo estimado pra cada un dos obradoiros é de 1 hora 30 min. (mais, pódese tamén adaptar á dispoñibilidade temporal/horaria do grupo).

TROUPELEAR somos:

-Branca Villares. Mestra de canto tradicional e percusións, Educadora ambiental.

-Pablo Pintor: Mestre de gaita e percusións tradicionais. Educador ambiental.

Temos máis de 20 anos de experiencia na docencia da música tradicional. Impartindo diversas aulas e obradoiros en colexos, e coordinando grupos de música nalgunhas das principais escolas de Música tradicional galega: Xacarandaina da Coruña, TRADESCOLA da Asoc. Gaiteiros Galegos, María Castaña de Lugo, A Volta do Agro, Santiaguíños de Boimorto, Escolas municipais de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, Becerreá...así coma múltiples asociacións culturais galegas e centros galegos do exterior.

Tamén temos participado en numerosas compilacións didácticas e de recollida de música tradicional.

Esta proposta formativa esta dirixida á adquisición, mellora e actualización permanente das competencias dixitais básicas

3. PROPOSTA FORMATIVA.

“TRABALLO COLABORATIVO GOOGLE DRIVE E DOCUMENTOS”

Obxectivo:

O principal obxectivo deste curso radica en proporcionar as competencias e habilidades precisas para que as familias adquiran os coñecementos básicos en GOOGLE DRIVE E GOOGLE DOCUMENTOS

Tema 1

1. Conceptos xerais.
2. Empezar en Google Drive.
3. Espazo de traballo en Google Drive.
4. Servizos adicionais de Google.
5. Xestión avanzada da ventá de inicio de Google Drive.
6. A miña unidade en Google Drive.
7. Xestión dos arquivos en Google Drive.

Tema 2

1. Creación e edición básica en Google Documentos.
2. Edición avanzada en Google Documentos.

Duración del taller: 30 HORAS – (8 AULA VIRTUAL)

Número de alumnos: edicións de 10 persoas (senón se alcanzan anularase)

“TRABAJO COLABORATIVO GOOGLE DRIVE Y PRESENTACIONES”

Obxectivo:

O principal obxectivo do curso radica en proporcionar as competencias e habilidades necesarias para que as familias adquieran os coñecementos básicos en GOOGLE DRIVE Y GOOGLE PRESENTACIÓNS.

Tema 1

1. Conceptos xerais.
2. Comenzar en Google Drive.
3. Espazo de traballo en Google Drive.
4. Servizos adicionais de Google.
5. Xestión avanzada da ventá de inicio de Google Drive.
6. A miña unidade en Google Drive.
7. Xestión dos arquivos en Google Drive.

Tema 2

- 1. Creación e edición básica en Google Presentacións.**
- 2. Edición avanzada en Google Presentacións**

Duración del taller: 30 HORAS – (8 AULA VIRTUAL)

Número de alumnos: edicións de 10 personas

“TRABALLO COLABORATIVO GOOGLE DRIVE E FORMULARIOS”

Obxectivo:

O principal obxectivo do curso radica en proporcionar as competencias e habilidades necesarias para que o alumnado adquiera os coñecementos básicos en GOOGLE DRIVE E GOOGLE FORMULARIOS.

Tema 1

1. Conceptos xerais.
2. Comenzar en Google Drive.
3. Espazo de traballo en Google Drive.
4. Servizos adicionais de Google.
5. Xestión avanzada da ventá de inicio de Google Drive.
6. A miña unidade en Google Drive.
7. Xestión de los archivos en Google Drive.

Tema 2

1. Creación e edición básica en Google Formularios
 2. Edición avanzada en Google Formularios
- Duración do taller: 30 HORAS – (8 AULA VIRTUAL)
- Número de alumnos: edicións de 10 persoas

4. METODOLOGÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía proposta axustase as características e necesidades de cada alumno, combinando as metodoloxías de enseñanza programada e de traballo autónomo do alumnado co asesoramento de un tutor especializado na materia e mediante o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, creando un entorno de aprendizaxe activo, próximo e colaborativo na aula. A modalidade online mediante aula virtual.

FORMACIÓN EN LIÑA

para anpas



CONSELLOS ESCOLARES

Martes 08/11/22
18:00 h.



LIBROS DE SOCIAS

Martes 15/11/22
18:00 h.



LIBROS DE ACTAS

Martes 22/11/22
18:00 h.



TESOURARÍA E FISCALIDADE

Martes 29/11/22
18:00 h.



PROTECCIÓN DE DATOS

Mércores 30/11/22
18:30 h.



SEGUROS OBRIGATORIOS E NECESARIOS

Martes 13/12/22
18:00 h.



NORMATIVA DE CONVIVENCIA

Martes 20/12/22
18:00 h.

INSCRICIÓN:

<https://bit.ly/formanpasgalegas>

Máis información:
610 616 968



www.anpasgalegas.gal

PROPOSTA FORMATIVA PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”

Contextualización

Históricamente, a maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana, que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero, por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, xerando unha baixa autoestima na mocidade do rural, situación que debe mudarse antes que sexa demasiado tarde.

De xeito paralelo, o sector primario na provincia de Lugo está a ter un desenvolvemento que ven a consolidar a súa función como elemento tractor na economía e na sociedade. O dito desenvolvemento ven da man dos/as emprendedores/as no medio rural que, a través das súas granxas e actuacións diversas, están a proporcionar un modo de vida digno e sostible no tempo, dende un punto de vista social, económico e medioambiental.

Con todo, estes pequenos avances que se están a producir, seguen a ser grandes descoñecidos para a maior parte da nosa contorna social, en especial para a mocidade.

Do mesmo xeito, os profesionais do sector educativo veñen a confirmar dende hai anos que a realización dunha saída a unha granxa resulta relevante e beneficiosa para os/as rapaces/as, podéndolles amosar e facilitándolles coñecer o seu propio medio, ver as características dos cultivos implantados na súa contorna e dos animais que viven nela, o seu comportamento e os seus cuidados, así como, coñecer e poñer en valor as actividades, usos e costumes que de forma tradicional se foron realizando na contorna rural en cada unha das épocas do ano.

Obxectivos xerais

Dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os/as rapaces/as poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura, contribuíndo deste xeito ao alonxamento do estigma social e da baixa autoestima que os/as propios/as agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

As visitas ás granxas están encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, contribuíndo a inverter a idea de que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar, contribuíndo deste xeito a evitar que o rural esmoreza.

Obxectivos específicos

- ☑ Dignificación e posta en valor do traballo dos/as nosos/as agricultores/as e gandeiros/as.
- ☑ Implantar un vector de coñecemento do papel fundamental que desempeñan os/as nosos/as agricultores/as e gandeiros/as no mantemento da biodiversidade, do territorio, da paisaxe e da tradición agraria como elemento identitario.
- ☑ Posta en valor do patrimonio vivo do agro galego.

www.deputacionlugo.gal San Marcos, 8 – 27001 Lugo – Tel.: 982 260 000 Páxina 2 de 2

- ☒ Coñecemento, posta en valor e fomento da produción agroalimentaria local, de proximidade e de calidade, coa potenciación dos mercados e circuitos dos produtos frescos e de proximidade.
- ☒ Difusión e potenciación do valor engadido das producións agrarias: Fomento dos centros de transformación e envasado.
- ☒ Comprensión da importancia da produción de alimentos para asegurar o maior grao posible de soberanía alimentar e avanzar na garantía dun proxecto de ordenación do territorio que desenvolva o conxunto do noso país dunha alimentación saudable para a toda a sociedade

Actividades

- ☒ Visitas ás granxas dos/as produtores/as locais para coñecer o funcionamento das mesmas, dende o coidado e manexo dos animais ata o peche do ciclo produtivo.
- ☒ Observación en primeira liña do comportamento dos animais e da evolución e adaptación dos cultivos da contorna.
- ☒ Coñecemento dos procesos produtivos e transformadores vencellados ao sector primario, e da diversidade de produtos de primeira necesidade e de insumos que se subministran a través dos mesmos.
- ☒ Identificación dos elementos e produtos silvestres que os/as rapaces/as poden atopar na súa contorna, coñecendo o seu valor e a súa potencialidade.
- ☒ Posta en valor do traballo digno dos/as agricultores/as e gandeiros/as da provincia.

Para a execución das anteriores actividades, dispónse dun catálogo de granxas e produtores locais cuxas actividades e especialidade se recollen no catálogo de oferta formativa que figura a continuación.

ACTIVIDADES INCLUSIÓN

- “EDUCAR NA DIVERSIDADE” (Presencial)

As charlas de Educar na Diversidade céntranse en explicar ós nenos e nenas a necesidade e a importancia de ser integradores e de convivir na igualdade con persoas que poden ser diferentes a nos por distintos motivos como a raza, a relixión, discapacidade física ou psíquica, etc. Facendo integración é como se chega a que exista diversidade e unha vez que existe diversidade conseguimos varias cousas: que se respecte a tódalas persoas por igual, que se axude a os que o precisan, que todos aprendamos de todos sen ningunha diferenza, etc.

Para todo isto se realice temos que explicarlles as rapazas e rapaces de que se trata a diversidade, como se consegue, cal é a súa postura e en que poden axudar.

SEXUALIDADE EN INFANTIL – COLEXIO ENFERMERÍA DE LUGO

NOME DA ACTIVIDADE:

“POR QUE TEMOS EMBIGO?”

Actividade realizada por matronas e dirixida ós nenos e nenas de 6º de Infantil, 1º e 2º de Primaria.

Obxetivos:

- Dar a coñecer a profesión de Matrona ós nenos e nenas.
- Coñecer o propio corpo, tratar as diferencias entre o corpo da nena e o do neno, integrando os xenitais de forma natural como unha parte máis, coñecer as súas características e a súa morfoloxía.
- Coñecer os cambios que ocorren no corpo cando nos facemos adultos.
- Fomentar o respecto e a estima por un mesmo, valorar por igual ambos sexos.
- Coñecer o proceso da fecundación, embarazo e parto.

Metodoloxía:

1º Recollida de ideas previas ou primeiras hipóteses: levarase a cabo un día antes da actividade

❖ A través dunha serie de cuestións abertas:

- ✓ Que é unha matrona?

- ✓ Por que temos embigo?
- ✓ De onde veñen os nenos e nenas?
- ✓ Como se formaron dentro do abdome materno?...
- ✓ Que levante a man quen ten vulva.
- ✓ Que levante a man quen ten pene.

O mestre anotará as respostas que den libremente os nenos e nenas (non lles dirá se están no certo).

2º Contidos da actividade: duración aproximada hora e media.

- ❖ “A figura corporal e a identidade sexual”.

Xogo na pantalla táctil de localización de todas as partes do corpo do neno e da nena. Identificalos cambios que se producen no corpo cando medramos.

- ❖ “A nosa orixe”.

Coloquio sobre os órganos sexuais e a súa función, sobre o embarazo e o parto. Diapositivas con debuxos. Vídeos: Fecundación e embarazo para nenos.

- ❖ “Xogamos”

Maquetas: visualizar e tocar fetos de diferentes tamaños, situálos dentro do útero.

Auscultación do latido cardíaco dos nenos e nenas mediante doppler fetal e estetoscopio de Pinard.

3º Valoramos os coñecementos aprendidos: farase uns días despois da actividade.

- ❖ “Así era eu cando estaba dentro da barriga de mamá” Representación con plastilina dun feto unido polo cordón umbilical á placenta, sitúalo dentro do abdome materno.

SEXUALIDADE EN PRIMARIA – COLEXIO ENFERMERÍA DE LUGO

CHARLAS EDUCACIÓN SEXUAL PRIMARIA :

Actividade de formación e adquisición de habilidades no ámbito afectivo-sexual, realizada por matronas e dirixida ós nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria. Encamiñadas a fomentar a **autoimaxe e autoestima** dos nenos e da construción da **propia biografía como seres sexuados**.

A **sexualidade** é unha dimensión da persoa que a acompaña dende o nacemento ata a morte, que se manifesta en cada momento da vida dun xeito diferente, produto do aprendido nas nosas relacións cos demais. Nestas idades é importante falar de **cambios corporais**, menstruación e exaculación, polo menos para que os nomes técnicos soen familiares, pero tamén porque hai nenas que poden comezar a menstruar xa a estas idades e canta máis información lles poidamos ofrecer (naturalización do ciclo menstrual e o coñecemento dos materiais hixiénicos) mellor pasarán por eses cambios ou novos procesos corporais que pasamos todas/os.

Deben eliminarse os xuízos e actitudes que poidan ser percibidas polas nenas e nenos como negativas sobre este proceso, para non seguir estigmatizando ás mulleres por estar menstruando e igualmente falar dos cambios no neno evitando que non queden nun segundo plano.

Emprender aqueles cambios con menos medos e preocupacións que os que teñen con información errónea, ou información incorrecta que manexan a estas idades a través dos mitos que escoitan ou ven nas súas relacións con outras persoas maiores, nos medios de comunicación ou mesmo, nas redes sociais para aos que teñen acceso.

OBXETIVO XERAL:

Prover de recursos os nenos e nenas dun coñecemento do seu corpo e dos cambios que ocorren na puberdade, desde unha perspectiva positiva e natural. Así como dos cambios intelectuais e emocionais, a busca da identidade, a xestión de novos conflitos e a aceptación de novas responsabilidades.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Traballar o xénero a través da reflexión grupal, sobre as experiencias vividas ou coñecidas e a igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres, facendo fincapé en que non existen comportamentos de homes nin comportamentos de mulleres e que as persoas non deben ser castigados se saen fóra do guiión marcado pola sociedade por ser home ou muller.
- Salientar que as mulleres deben ter a mesma importancia e valor que os homes, tanto na sociedade como nas relacións entre iguais.
- Promover o respecto á diversidade, o dereito á diferenza sexual, o respecto polos sexos e a valoración positiva dos mesmos.
- Comezar a falar sobre as diversidade sexuais, a identidade sexual, a orientación do desexo e as diferentes formas en que as persoas poden expresar o seu xénero.
- Prevención das relacións violentas na parella e fomento do bo trato, traballando na visibilización das boas relacións e nas condutas abusivas que se poidan ter, non só nas relacións de parella senón tamén nas relacións con amigos e amigos, familiares e compañeiros de escola.

METODOLOXÍA:

PROGRAMA ALUMNOS CURSOS DA ESO

Trátase de 2 sesións de 50 minutos, en cada sesión tratarase un tema, buscando a adquisición de coñecementos teóricos a través de distintos medios audiovisuais (presentación de diapositivas e vídeos) e mediante dinámicas grupais.

1ª SESIÓN:

Temática: Fisioloxía dos aparellos sexuais feminino e masculino.

Dinámicas grupais:

1- “Menstruación e exaculación”

Obxectivo: Falar dos cambios coas nenas e nenos, para que teñan información sobre o que vai pasar co seu corpo. Deste xeito evitamos sustos e preocupacións ás nenas e nenos, animándoos a que acepten estes cambios como unha parte máis do seu corpo e a que convivan mellor con eles.

Falar de materiais menstruais e de hixiene persoal que se poden empregar durante os días de sangrado menstrual. Que as nenas e os nenos coñezan como é o ciclo ovulatorio e menstrual, que ocorre no interior do útero e dos ovarios, que provoca o sangrado, etc. para comprender mellor todo o proceso do que vai pasar no corpo ás persoas que teñen vulva.

Coñecer o proceso da fecundación, para que nun futuro poidan entender mellor o funcionamento dos métodos anticonceptivos.

2- “Sexuación”

Elemento da sexualidade que ten que ver coas estruturas máis biolóxicas das persoas (características sexuais primarias, secundarias e terciarias), responde á pregunta, como

estamos? E o seu obxectivo dentro da educación das sexualidades sería aprender a coñecerse a si mesmo.

2ª SESIÓN:

Temática: Roles e estereotipos de xénero.

Dinámicas de grupo e vídeos:

1- “La mente en pañales”

Traballar dende o bo trato, en lugar do maltrato, pode axudarnos a mellorar as relacións das persoas, favorecendo as relacións de coidado e autocoidado, e destacando a importancia que ten. deste coidado para que cada persoa viva a súa sexualidade da forma máis satisfactoria posible, que é a base dos obxectivos globais do Feito Sexual Humano, co que se traballa a Educación das Sexualidades nesta guía, é dicir, aprender a coñecerse a si mesmo. , aceptarse e expresarse de forma satisfactoria, en definitiva, como sinala Carlos de la Cruz, “Aprender a ser máis feliz” (De la Cruz, 2015).

2- Clasificar conceptos de xénero, sexo, identidade sexual, orientación sexual, etc...

Obxectivo:

Explicación do Feito Sexual Humano, para explicar a globalidade da sexualidade fronte ao reduccionismo do “sexo”.

Corrixir falsas crenzas sobre a sexualidade.

Recoñecer e problematizar mensaxes recibidas con sesgos sexistas, homofóbicos... na vida cotiá.

AVALIACIÓN:

Para levar a cabo a avaliación estableceronse 4 puntos:

1º. Participación por parte da maioría do alumnado.

3º. Os coñecementos adquiridos polos rapaces e rapazas resultan útiles para a práctica.

4º. Foron resoltas todas as dúbidas plantexadas durante o transcurso do obradoiro.

SEXUALIDADE NA ESO– COLEXIO ENFERMERÍA DE LUGO

CHARLAS EDUCACIÓN SEXUAL NA ESO:

Actividade de formación e adquisición de habilidades no ámbito afectivo-sexual, realizada por matronas e dirigida a xóvenes de 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

Encamiñadas a fomentar a autoimaxe e autoestima dos xóvenes, e da construción da propia biografía como seres sexuados; contribuíndo ao coñecemento, aceptación e vivenciación da sexualidade do xeito máis pracenteiro e satisfactorio posible.

Segundo a OMS a **sexualidade** é un aspecto central do ser humano que está presente ao longo da súa vida. Abarca o sexo, as identidades e roles de xénero, a orientación sexual, o erotismo, o pracer, a intimidade e a reprodución. Séntese e exprésase a través de pensamentos, fantasías, desexos, crenzas, actitudes, valores, comportamentos, prácticas, papeis e relacións.

A sexualidade está influenciada pola interacción de factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, económicos, políticos, culturais, éticos, legais, históricos, relixiosos e espirituais.

Dereitos sexuais:

1. Dereito á liberdade sexual.
2. Dereito á autonomía sexual, á integridade e á seguridade do corpo.
3. Dereito á intimidade sexual.
4. Dereito á equidade sexual.
5. Dereito ao pracer sexual.

1. Dereito á expresión sexual emocional.
2. Dereito á libre asociación sexual.
3. Dereito a tomar decisións reprodutivas, libres e responsables.
4. Dereito á información baseada no coñecemento científico.
10. Dereito á educación sexual integral.
11. Dereito á atención da saúde sexual.

Na medida en que estes Dereitos sexan recoñecidos, exercidos e respectados, teremos sociedades sexualmente máis saudables.

OBXETIVO XERAL:

Prover de recursos os/as adolescentes para vivir unha sexualidade plena e segura, e fomentar a toma de decisións informadas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Transmitir a concepción da sexualidade dun xeito plural, de respectar á diversidade, de aceptar a igualdade dentro da diferenza, a explorar os nosos medos e a potenciar as nosas fortalezas, os noso desexos, de buscar o pracer de xeito constructivo e duradeiro, e ser responsables das nosas conductas.
- Promover o respecto á diversidade, o dereito á diferenza sexual, o respecto polos sexos e a valoración positiva dos mesmos.
- Apoiar e asesorar na resolución das dificultades no eido da sexualidade que actualmente inciden na sociedade (embarazos non desexados, infeccións de transmisión sexual, homofobia, transfobia, situacións de desigualdade, estereotipos, etc.)
- Promover as habilidades que fomenten a convivencia entre os sexos.
- Promover actitudes positivas fronte as diversidades e peculiaridades sexuais, aportando elementos clarificadores e información para a comprensión de feitos habituais no noso día a día (orientación do desexo, identidade sexual, gustos e desexos, etc.).

METODOLOXÍA:

PROGRAMA ALUMNOS CURSOS DA ESO

Trátase de 4 sesións de 50 minutos, en cada sesión tratarase un tema, buscando a adquisición de coñecementos teóricos a través de distintos medios audiovisuais (presentación de diapositivas e vídeos) e mediante dinámicas grupais.

1ª SESIÓN:

Temática: Sexualidade: concepto e desenvolvemento da sexuación

Dinámicas grupais:

1- "Brainstorming"

Obxectivo: visualizar as diferentes partes que conforman a sexualidade, desbancar o sexo como única expresión de sexualidade

1- Sexualidades: pensamentos, sentimentos, discursos e prácticas

Obxectivo: identificar, analizar e reconstruír modelos hexemónicos de sexualidade feminina e masculina desde un enfoque de dereitos, diversidade e xénero

2ª SESIÓN:

Temática: Diversidade sexual. Mitos e lendas da sexualidade

Dinámicas grupales:

1- Clasificar conceptos de xénero, sexo, identidade sexual, orientación sexual, etc...

Obxectivo:

Corrixir falsas crezas sobre a sexualidade.

Recoñecer e problematizar mensaxes recibidas con sesgos sexistas, homofóbicos... na vida cotiá.

4- As regras da sexualidade

Obxectivo:

Aumentar a autoestima e o autoconcepto

Promover a comprensión dos dereitos sexuais e reprodutivos

3ª SESIÓN:

Temática: Enfermidades de transmisión sexual

Dinámicas de grupo:

1- Transmisión das ETS

Obxectivo:

Visualizar a presenza e transmisión das enfermidades sexuais na sociedade

Importancia do uso do preservativo como método de protección

2- Estatísticas nacionais

Obxectivo:

Analizar a situación actual en Galicia con respecto as ETS.

4ª SESIÓN:

Temática: Métodos anticonceptivos

Dinámicas de grupo:

1- Guía pedagóxica amor propio: dereitos sexuais e reprodutivos para adolescentes e novos.

Obxectivo:

Aprender a coñecerse, aceptarse e a expresar a nosa erótica, de modo que estemos ledas/os, satisfeitas/os.

2- Estatísticas nacionais de interrupción voluntaria de embarazo por comunidades e grupos de idade. Estatística nacional sobre o uso de métodos anticonceptivos.

Obxectivo:

Visualizar a problemática do aborto

Fomentar o uso do dobre método en adolescentes

Anticoncepción de urxencia

3- Práctica: uso correcto do preservativo masculino e feminino

Obxectivo:

Evitar os erros máis frecuentes na práctica

CONVENIOS E COLABORACIONES

- CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA NOMINATIVA OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A FAPACEL, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DO “PROXECTO COA EDUCACIÓN POR DIANTE” NA ANUALIDADE 2022 (APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 5 DE DECEMBRO DE 2022)
- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE FAPACEL E COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DE LUGO, En Lugo a 31 de Enero de 2022
- PROPOSTA FORMATIVA PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”

XORNADAS

III XORNADAS DE ANPAS GALEGAS NO RURAL.

O sábado 19 de marzo estivemos na casa Quindós – Vilela, en Navia de Suarna, falando do rural galego no rural galego; recibidas, hospedadas, e acompañadas polas compañeiras das ANPA DA MONTAÑA de Lugo, verdadeiras protagonistas da normalidade da vida rural, mulleres bravas e loitadoras, das que permiten manter unha pequena esperanza sobre a vida futura nestes lugares, tan abandonados da man da administración como, desgraciadamente, da propia evolución cultural do noso País, cada día máis contaminado e menos aproveitado por nós mesmas.

Desta volta, ANPAS GALEGAS quixo facer, e fixemos, unha xornada festiva e tamén de debate, unha xornada positiva sobre o rural. Porque xa abonda de dicir que o rural morre, cando **o que temos que dicir é que o rural vive** porque ten moitas gañas e moitas razóns para vivir: que son outras quen o están enterrando a cada pouco, pero que a súa xente non ten nin a menor intención de deixalo ir, e que está de seguido a buscar solucións aos problemas cotiáns coa vista posta no futuro.

Houbo moitas intervencións: tivemos a sorte de recibir testemuñas singulares da vida real do rural, a de Xaneco ou Laura , que nos contaron a súa experiencia vital nun rural posíbel e querido. escoitamos a Mini contarnos, con toda a excelencia da súa palabra, cal foi a súa experiencia como mestre galego implicado no agromar da nosa realidade nunha escola que viña travestida de culturas alleas.

Escoitamos tamén unha fonda reflexión sobre a FP que se vive no rural, cales son as súas opcións, demandas, saídas imaxinadas e reais; escoitamos como non existe unha reflexión institucional fonda sobre cal é o papel dinamizador da FP na consolidación do futuro do rural galego: como os currículos son foráneos e inadaptados porque a Xunta non é quen a escoitar a quen sabe e limítase a copiar currículos doutros lugares: como se disocia o oferta necesaria da demanda inducida por axentes externas. Comprobamos, e non nos gustou facelo, como a FP, que podería ser fonte de renovación, amarre de permanencia da xuventude, e cerne de asentamento de novas poboacións, está a ser en moitas ocasións tan só a plataforma para que as mozas e mozos formadas continúen migrando para por en práctica e uso os seus coñecementos.

Falamos dos CPI, dun modelo que lle acae ao noso rural dun xeito perfecto, coas excelentes experiencias de Cervantes e Pedrafita alí presentes. Un modelo onde a convivencia entre alumnado de idades diversas redunda nunha experiencia singular e enormemente positiva, pero tamén un modelo onde boa parte do éxito está na presenza de comunidades educativas consolidadas, que converten en oportunidades e alicerces o que inicialmente podería considerarse dificultades causadas pola presenza de pouco alumnado.

Tamén xurdiron críticas e afirmacións que están sempre presentes: a necesidade de transporte para o alumnado de bacharelato, a urxencia de garantir especialistas en música e plástica nos centros rurais, a dificultade que ten aquel alumando que pasa até 55 minutos nun autobús para chegar ao colexio ou para voltar a casa, e sobre todo, o permanente temor a que unha Administración calculadora decrete o peche dun centro escolar en calquera

momento: porque realmente non saben, nin queren saber, canto fai un centro escolar polo asentamento nun territorio, e canto de necesario é mantelos e potencialos de veras, e non con campañas ridículas como as que adoitan facer os nosos líderes políticos cada certo tempo.

Quedamos sorprendidas cando oímos que os CPI non só eran un modelo rural, senón que mesmo deberan ser un modelo exportábel ao mundo urbano e xeneralizarse, pola súa lóxica de xuntar nun mesmo centro infantil, primaria e secundaria, unha das varias interesantes reflexións que lle adebedamos a Branca Nazaré.

Tan sorprendidas como cando os diferentes centros de FP presentes explicaron as súas inmensas diferenzas dotacionais, que non obedecen a ningunha lóxica académica. É ben certo que os claustros destes centros chegan a solucións creativas para solucionar estas eivas, pero non o é menos que é lamentábel que a administración non sexa quen de facer o seu traballo.

Fixemos todo isto co acompañamento e a hospedaxe de Óliver Laxe, e queremos agradecerllo publicamente. Que alguén que ten unha merecida sona tome a opción de utilizala para defender as súas orixes e o noso rural non pode máis que movernos ao aplauso, e confirmarnos no que dicíamos ao principio: temos un rural dunha grandísima vida, merece toda a nosa atención e agarimo.

E se queredes máis información, xa sabedes onde estamos.

Fernando Lacaci – Presidente da Confederación – 610 616 968

Isabel Calvete – Vicepresidenta da Confederación – 600 699 293

ESTADO DE CONTAS

BALANCE ECONÓMICO 2022

FAPACEL			
LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2022			
CONCEPTO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
SALDO EJERCICIO ANTERIOR			10680,66
CUOTAS ASOCIADOS	10672,25		
SEGUROS		2340,93	
ACTIVIDADES		13667,73	
XUNTA DE GALICIA	6000		
XUNTA DE GALICIA PTE	4331		
CONVENIO DEPUTACIÓN	1228,21		
CONVENIO DEPUTACIÓN PTE	12000		
COMISIONES BANCARIAS		49,52	
NÓMINAS		6086,87	
SEGURIDADE SOCIAL		2601,54	
ASESORÍA		580,8	
PREVENCIÓN		270,63	
INTERDIX		636,46	
PRÉSTAMO TERCEIROS	1000	7003,75	
KILOMETRAXE E DIETAS		142,87	
CUOTA ANPAS GALEGAS		200,75	
TRANSFERENCIA BRANCA VILLARES	500		
RESULTADOS ANUAIS TOTAIS	35731,46	27578,85	

